

PARA QUEN?

- **Materia:** Economía da empresa de 2º de Bacharelato
- **Contidos para traballar:**

Bloque 7: A función financeira (Bloque das orientacións do grupo de traballo de Economía para a ABAU): Métodos de selección de investimento, fontes de financiamento e período medio de maduración

O XOGO

Material preciso:

- **Cartas:** imprimir e dobrar as cartas para que quede por un lado a estrela e por outro a pregunta. Plastificar
- Número de xogadores/as recomendados: por parellas
- **Regras do xogo:**
- É unha versión "financiera" do xogo de cartas do "burro"
- Repartimos a metade de cartas para cada xogador/a comprobando que cada xogador/a non teña a posibilidade de emparellar as súas propias cartas, é dicir, que non teña a pregunta e a resposta.
- Cada xogador/a vaillle tirando unha carta ao/á outro/a da man de cada vez. Verá a cara da carta que ten a estrela polo que non saberá que texto contén. Logo deberá emparellala cunha das súas cartas, por exemplo:
- Colle a carta: "fonte de financiamento allea"
- Deberá emparellala con unha das súas cartas que ten que poñer "Empréstitos"
- Nalgúns casos, durante o xogo, haberá cartas que poidan ter dúas posibles solucións, polo que ao finalizar deberán comprobar que os emparellamentos estean correctos xa que o xogo está pensado para que cada carta teña finalmente un único resultado.